



BOP

VENRES, 2 DE DECEMBRO DE 2022

N.º 276

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA CENTRO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

Expediente: DH.A27.87959

O Concello de Antas de Ulla solicita de Augas de Galicia a concesión dun aproveitamento de augas públicas coas seguintes características:

SOLICITANTE: Concello de Antas de Ulla

VOLUME MÁXIMO ANUAL: 119.720 m³/ano.

CAUDAL INSTANTÁNEO: 11,26 l/s

DESTINO: abastecemento municipal

ORIXE: 2 mananciais

LUGAR: Monte de San Fiz

PARROQUIA: San Fiz de Amarante

CONCELLOS: Antas de Ulla

O aproveitamento consiste en dúas captacións de dous mananciais no monte da San Fiz, a través de 250 e 671 m respectivamente de tubería porosa soterrada de 125 mm de diámetro envolta en dado de 1 m de capa filtrante de gravilla, e a súa recollida en sendas arquetas de captación con areeiro de 2,0x1,4x1,8 m. Da arqueta de captación 2 parte unha conducción de 63 mm de diámetro ata o depósito 1, de 315 m³ de capacidade, e que inclúe un tratamento. Da arqueta de captación 1 parte unha conducción de 110 mm de diámetro ata a arqueta 4, onde se reúne co depósito 1 mediante conducción de 90 mm de diámetro. A distribución cara ós lugares a abastecer realízase mediante unha conducción de 125 mm de diámetro que chega ata os depósitos 2 e 3, de 160 e 275 m³ respectivamente, ubicados no lugar de San Fiz. Destes depósitos parten conducións de diferentes diámetros para abastecer os lugares das parroquias de Antas de Ulla, San Fiz de Amarante, A Cervela, Vilapoupre e Alvidrón. Todas as conducións son de polietileno de alta densidade, e corresponden a presións comprendidas entre as 6 e 16 atmósferas.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Antas de Ulla, ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño número 16, baixo, en Santiago, onde pode ser examinado por quen o desexe no devandito prazo, previa cita no teléfono 981544927.

O proxecto obxecto da presente autorización estará dispoñible para a súa consulta na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal>, na sección denominada participación pública.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2022.- O xefe do Servizo Territorial, Jesús Antonio Manrique Merino.

R. 3466

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ACONDICIONAMENTO DA LU-710, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 4+500

Termo municipal: BARALLA

Clave: LU/17/103.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 23 de decembro de 2022

Lugo, 24 de novembro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3102

Término municipal de:	BARALLA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-103-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
6; 7	BECERRA LOPEZ CARLOS	R/ A FACHITA, Nº 12, 27680 BARALLA
50; 48; 49	CORREA POLANCO MARIA ASUNCION	PZA. CAMPO CASTELO, Nº 3, 27001 LUGO
30	DE ARRIBA RIO JOSE MANUEL	R/ RIO NEIRA, Nº 15 - 2º B, 27680 BARALLA
125	DIAZ FERNANDEZ OLIVA	LG. PUENTE NEIRA, Nº 17, 27696 BARALLA
10	DIAZ GRANDAS VICENTE LOPEZ FERNANDEZ MARINA	R/ A FACHITA, Nº 9, 27680 BARALLA
105; 117	FERNANDEZ ABELLEIRA AURORA	LG. PUENTE NEIRA, Nº 6 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
104; 116	FERNANDEZ ARES RAMON	LG. SOUTO, Nº 4 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
25	FERNANDEZ CAPON JESUS	C/ ESCOBIO, Nº 4, 27680 LUGO
95; 97; 59; 58; 57; 103; 109; 93; 115; 121; 53	FERNANDEZ FERNANDEZ JOSE ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ JUAN MANUEL	LUGAR SAN MARTIN 9, 27680 BARALLA
20	FERNANDEZ FERNANDEZ LUIS GIL LOPEZ SILVIA	PZA. GRANJA POCH, Nº 13-13; 6º B, 39300 TORRELAVEGA
55; 62; 52; 101; 118; 113; 106; 91; 98; 96	FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA ALSIRA	LG. SOUTO, Nº 3 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
61	FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA ALSIRA FERNANDEZ FERNANDEZ JOSE ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ JUAN MANUEL GARCIA PARDO JESUS ANGEL MENDEZ RODRIGUEZ MARIA DEL PILAR	LG. SOUTO, Nº 3 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
15	FERNANDEZ MARTINEZ LUIS FERNANDEZ ABUIDE INES FERNANDEZ MARTINEZ JOSE MANUEL FERNANDEZ MARTINEZ MARIA DOLORES MARTINEZ POMBO ASUNCION	PRAZA MAIOR, Nº 6 3º C, 27680 BARALLA
123	FERNANDEZ TOURON ELENA CARMEN	LG. SAN MIGUEL, Nº 4, 27680 BARALLA

122; 119; 56; 107; 94; 100; 99; 60; 110	GARCIA PARDO JESUS ANGEL	LG. IGLESIA, Nº 5, 27680 BARALLA
31	LOPEZ FERNANDEZ JULIA INES	R/ CAMIÑO REAL, Nº 152 - 4º A, 27004 LUGO
18; 21; 76; 32	LOPEZ MARTINEZ DARIO	AVDA. GENERALITAT, Nº 55-1; 3º 3, 8922 SANTA COLOMA DE GRAMENET
28; 44; 40; 37; 65	MARTINEZ POMBO ASUNCION	R/ ESTRADA DE ESCOBIO, Nº 14, 27680 BARALLA
72; 80; 85	MENDEZ VILLARES MANUEL	RUA SAN VITORIO, 27680 BARALLA
108; 120	PEREZ ALVAREZ PILAR	LG. SOUTO, Nº 6 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
38	RIO VAZQUEZ MERCEDES	R/ ESTRADA DE ESCOBIO, Nº 3, 27680, BARALLA
126	SANTISO EIRANOVA ANTONIO	LG. PUENTE NEIRA, Nº 22 - SAN MIGUEL, 27696 BARALLA
83	VILLARES RODRIGUEZ PILAR	R/ A FACHITA, Nº 12, 27680 BARALLA

R. 3467

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de novembro de 2022 o expediente de modificación de créditos número 14/2022, dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 75.000 euros, e dando cumprimento ao establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Baralla, 25 de novembro de 2022.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3469

Anuncio

En sesión plenaria de data 24 de novembro de 2022 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención á Infancia de Baralla.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sométese a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos de reclamacións e suxerencias.

No caso de non presentarse ningunha, entenderase definitivamente aprobada a modificación da ordenanza citada, que entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ao disposto no artigo 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Baralla, 25 de novembro de 2022.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3470

CASTROVERDE*Anuncio*

Que pola xunta de goberno celebrada o día 23 de novembro, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2022, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 24 de novembro de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3471

O CORGO*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 8/2022, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de cento cincuenta e cinco mil euros (155.000,00 €), quinto de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.761.955,83.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.477.684,07.-
3.- Gastos financeiros.....	8.200,00.-
4.- Transferencias correntes.....	96.500,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.808.174,90.-
7.- Transferencias de capital.....	8.100,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.160.614,80.-

Así mesmo, queda modificado o catálogo de postos de traballo (cadro de persoal) para o presente ano no apartado "D) OUTROS POSTOS DE TRABALLO ESTRUTURAI, subapartado I) Servizos Sociais", engadindo unha nova praza Técnico de Atención á Infancia.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 30 de novembro de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3531

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondente ao mes de outubro de 2022, que comprende un total de 272 recibos por un importe de 3.036,40 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao mes de outubro de 2022, terá lugar dende o día 28/11/2022 ao 28/01/2023 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 19 de novembro de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3472

Anuncio

Convocatoria para a selección de 1 técnico/a de turismo como persoal laboral fixo mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal. Expte: 450/2022.

Por acordo de Xunta de Goberno Local da alcaldía en data 16/11/2022 aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección de 1 técnico/a de turismo como persoal laboral fixo dentro do proceso de estabilización de emprego temporal:

<< BASES REGULADORAS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE TURISMO, PERSOAL LABORAL FIXO (OEP 2020, ESTABILIZACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ART. 19.UNO.9. LOXE 18).

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE PUBLICACIÓNS.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección de 1 técnico/a de turismo, como persoal laboral fixo, en execución da OEP 2020 dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19. LPXE 18 e DO ART. 28 LEPE, seguindo os criterios comúns para a aplicación do proceso de estabilización derivado da LOXE de 2017 e disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución da temporalidade no emprego público, negociados polo Goberno central e os Sindicatos maioritarios a nivel estatal, e polo goberno municipal cos representantes dos traballadores do Concello de Guitiriz.

O réxime de contratación laboral será o contrato fixo regulado no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A presente convocatoria e bases será obxecto de publicación no BOP de Lugo (no BOP publicarase un extracto), no taboleiro de anuncios, na páxina web (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no DOGA e no BOE, e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O listado de admitidos e excluídos definitivo do proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web ou sede electrónica do Concello de Guitiriz.

2ª.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do emprego público.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.
- Habilitación: esíxese non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Titulación: Diplomado en Turismo ou Graduado en Xestión Turística, Licenciado ou Graduado en Historia da Arte, Socioloxía, Humanidades, Historia, Xeografía e Ordenación do territorio (ou grados equivalentes a estas titulación).
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.

- Acreditación do coñecemento do Galego mediante Celga IV. No caso de non poder acreditarlo o tribunal establecerá unha proba escrita ou oral na que se demostre o seu coñecemento. Calificarase como apto/non apto.

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

3ª.- INSTANCIAS.

3.1.- Modelo de solicitude.

Quen desexe formar parte no proceso para a selección do posto deberá cumprimentar a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (ANEXO I).

Dita instancia dirixirase á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor do/a aspirante.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).

Documentos optativos:

- Celga IV
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados, indicando a puntuación que o/a aspirante entende que lle corresponde consonte as bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Os méritos alegados e non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias non serán tidos en conta polo Tribunal Cualificador.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, bastando a declaración xurada do interesado sobre a autenticidade dos mesmos, así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Tribunal ou os órganos competentes do Concello de Guitiriz poidan requirir aos/ás aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos aportados.

3.2.- Taxa de participación.

As taxas de participación no proceso serán abonadas mediante transferencia bancaria:

- Número de conta do Concello: ABANCA ES20/2080/0122/4631/1000/0022.
- Importe: 20,50 euros (conforme á Ordenanza fiscal núm.4 BOP Lugo 7/01/2008).
- Concepto a sinalar: "Taxa proceso selectivo T. Turismo" e o DNI do/a aspirante.

As taxas só serán devoltas se o/a aspirante non é admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído/a definitivamente.

3.3. – Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

3.4.- Medio de presentación.

As instancias será presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.5. – Rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado/a.

3.6.- Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva e a exposición nos taboleiros de anuncios e web municipal de todo o relacionado co proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún/ha aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria deberá propor a súa exclusión á alcaldía, previa audiencia do/a interesado/a, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas na solicitude de participación.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes, para os efectos procedentes.

4ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as, así como a de excluídos/as xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web ou sede electrónica municipais.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

4.2.- Reclamacións á lista provisional.

Perante o prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

4.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as, se sinale a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar para valoración de méritos.

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

5.1.- Composición do Tribunal.

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Presidente/a: o/a empregado/a público que se nomee do mesmo grupo de titulación ou superior.
- Secretario/a: o/a secretario/a da Corporación ou empregado público da en que delegue.
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre empregados públicos do mesmo grupo de titulación ou superior.

5.2.- Abstención e recusación do Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

5.4.- Acordos do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos na Lei 39/2015.

5.5.- Asesores do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen.

5.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría segunda e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste procedemento selectivo.

6.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6.1. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

- ***Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)***
 - Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.
 - Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.
 - Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.
 - Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado ou documento que acredite de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización. Si se tratase de servizos prestados na administración convocante expedirase de oficio o certificado de servizos prestados polo departamento de persoal, non sendo necesaria a petición do/a interesado/a

- ***Formación (puntuación máxima de 40 puntos)***
 - Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das Administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos da base terceira das presentes bases, do seguinte xeito:

Puntos por hora; 0,08.

Non se valorarán máis de unha edición correspondente a un mesmo curso nin os pertencentes a unha carreira universitaria, as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica, os e doutorado. Non se valorarán os cursos ou estudos que non especifiquen o número de horas realizadas polos/as aspirantes.

7ª.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

7.1.- Celebración da fase de concurso.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso, a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días hábiles.

As reclamacións, no caso de existir, serán resoltas polo Tribunal.

7.2.-Resolución do proceso e contratación como persoal laboral fixo.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e á contratación como persoal laboral fixo, ditando e notificando a oportuna resolución.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase pola seguinte orde:

- 1º Maior puntuación da persoa aspirante na fase de concurso no conxunto dos apartados 6 A 1 e 2 da experiencia
- 2º Maior puntuación da persoa aspirante na fase de concurso no conxunto dos apartados 6 A 3 e 4 da experiencia
- 3º Maior puntuación da persoa aspirante no apartado 6 B) formación.
- 4ª No caso de que persista o empate decidirase por sorteo público.

A convocatoria realizada implica que se a traballadora adscrita á praza que se convoca para a súa cobertura en propiedade non se presentase ao proceso selectivo, ou non o superase, verá extinguida a súa relación laboral co Concello de Guitiriz, percibindo a compensación económica recollida no artigo 2.6 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

No Decreto de alcaldía de contratación de Técnico/a de Turismo como persoal laboral fixo á persoa que supere o proceso selectivo, comunicárase o cese, no seu caso, á traballadora municipal que non superase o proceso selectivo.

8ª.- FORMALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN.

8.1.- Presentación de documentos polos/as seleccionados.

O/A aspirante seleccionado/a no prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que houberse podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Quen tivese a condición de empregado público estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

8.2.- Condicións da contratación.

Cumprimentado o anterior procederáse á sinatura do contrato laboral fixo polo/a aspirante aprobado/a.

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración fixa. Ao contrato deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

9ª.- LEXISLACIÓN E NORMA FINAL.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, do 10 de marzo, Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Estatuto de Traballadores e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei do procedemento administrativo común:

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO COMO TÉCNICO/A DE TURISMO**

D/Dona, con D.N.I.
 núm. e domicilio no municipio de
, na rúa
, n.º, piso, C.P.
, teléfono e enderezo electrónico

Informado/a da convocatoria para 1 Técnico/a de Turismo como persoal laboral fixo do Concello de Guitiriz, mediante o sistema de concurso-oposición libre (estabilización de emprego temporal), de acordo ás bases publicadas no B.O.P. n.º de data e no B.O.E. n.º de data que declara coñecer e aceptar.

Declara responsablemente que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula 3.ª das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata a formalización do contrato e SOLICITA:

1.- Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida.
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados, indicando a puntuación que o/a aspirante entende que lle corresponde consonte as bases.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados
- *CelgaIV*.

2.- Realizar as probas en: castelán/galego.

En, a de de 202....

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ >>

Guitiriz, 23 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3473

POL

Anuncio

Rematado o prazo de exposición pública do acordo do Concello de data 30 de setembro de 2022, referido á aprobación provisional da **Ordenanza reguladora da taxa do punto de atención á infancia de Pol**.

Non tendo sido presentada ningunha reclamación e unha vez transcorrido o período de exposición pública, o devandito acordo elévanse a definitivo, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza fiscal modificada, tal e como figura no anexo deste anuncio.

Contra este acordo, elevado a definitivo, e a súa respectiva ordenanza, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, 25 de novembro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

ANEXO I

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DE POL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 e 19 do referido texto legal, o Concello de Pol, establece a taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos do punto de atención á infancia deste Concello de Pol.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen os pais dos nenos en situación de alta no PAI de Pol e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4º.- Cota tributaria

As cotas a satisfacer por esta taxa obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte, de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 5º.- Cotas

1.- O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 160,00 euros mensuais, e por media xornada en 80,00 euros mensuais. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que a continuación se sinalan.

Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

Renda per cápita da unidade familiar	Cota/mes	
	Xornada completa	Media xornada
Inferior ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	65,60 €	32,80 €
Entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	105,60 €	52,80 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	124,80 €	62,40 €

Entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM	137,60 €	68,80 €
Superiores ao 200% do IPREM	160,00 €	80,00 €

2.- Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto primeiro, aplicaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%, nos casos que non se acollan ao disposto no punto 4 deste artigo.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%

Enténdese por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2023, de 18 de novembro, de protección das familias numerosas, ou precepto legal que a substitúa en cada momento.

Para a aplicación dos descontos terase en conta a circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza no punto de atención á infancia, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias a data de deveción da declaración do IRPF.

3.- A cota para casos indicados como urxentes polos servizos sociais será de 0 euros, ata que remate o carácter da mesma.

4.- **Establécese a gratuidade** da taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia en base á Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23 da Xunta de Galicia, publicada no DOG Núm. 147 de data 3 de agosto de 2022. Ao abeiro da citada Orde este Concello non repercutirá as cotas sinaladas en artigos anteriores aos proxenitores ou titores legais de todos aqueles menores que asistan ao PAI de Pol, gratuidade que establece, de acordo coa tida Orde da Xunta de Galicia, con efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2022, por ser a data de inicio do presente curso escolar.

Así mesmo, establécese a referida gratuidade durante todos aqueles cursos escolares nos que aplique a mencionada Orde ou outras de índole similar polas que a Xunta de Galicia ou calquera outra administración financie, íntegra ou parcialmente, o custe da taxa obxecto da presente Ordenanza.

Artigo 6º.- Base de cálculo

- Enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos/as menores de idade, ou maiores de idade cun grado de discapacidade superior ao 33 % ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao do inicio do curso escolar para o que se solicita a praza no PAI.
- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que comece o curso escolar, no cal se pretenda que surtan efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións o IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen a declaración do IRPF.

- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formara parte dela un único proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento.

- e) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 7º.- Pagamento.

1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo dos casos de suspensión temporal da cota, realizarase, mediante liquidación, mensualmente nos dez primeiros días do mes seguinte a que correspondan, mediante domiciliación bancaria.

2.- Cando o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes terá un desconto do 50%.

3.- Salvo os casos de suspensión temporal da cota, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 8º- Suspensión temporal da cota.

1.- Os suxeitos obrigados non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

- a) No mes de vacacións anual do neno/a.
- b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.
- c) Cando por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de pagar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50%

2.- A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

3.- Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación, realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 9º- Cobro de débedas.

As débedas por cotas non aboadas poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando transcorreran 6 meses dende o seu vencemento sen que se conseguiran cobrar a pesar de realizarse as xestións oportunas.

Artigo 10º- Actualización dos prezos.

A contía dos prezos establecidos na presente ordenanza actualizarase anualmente de acordo co IPC e publicarase a nova lista de prezos no taboleiro de anuncios do Concello e do PAI e informarase aos usuarios.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula os centros de Atención á Infancia e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores; Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente até a súa modificación ou derogación expresa.

Pol, 25 de novembro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3474

QUIROGA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/2022

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 3/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, polo acordo do Pleno de data 25/11/2022, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 pola remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinar o expediente nas dependencias municipais e presentar as alegacións que consideren oportunas. Tamén estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellodequiroya.sedelectronica.es>.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Quiroga, 25 de novembro de 2022.- O alcalde,, Julio Álvarez Núñez.

R. 3476

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POLO ABASTECIMENTO DE AUGA, REDE DE SUMIDOIROS E RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DO LIXO - ECOTAXA**

O Pleno do Concello de Quiroga, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais que se relacionan:

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa de recollida e tratamento e eliminación de lixo - ecotaxa.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no *BOP*, para que os interesados poidan examinar o expediente nas dependencias municipais e presentar as alegacións que consideren oportunas. Tamén estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellodequiroga.sedelectronica.es>.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Quiroga, 25 de novembro de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3477

RIBADEO*Anuncio***Expediente 4530/2022****BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL TRABALLADORA DESTE CONCELLO CON CREACION DE BOLSA DE EMPREGO.****CHÓFER DE PALA RETROEXCAVADORA.****1.- Obxecto da convocatoria.-**

O obxecto da convocatoria é a selección de persoal para **contratación laboral temporal en réxime de substitución de persoa traballadora** (posto 1031/01 da RPT municipal vixente), con constitución igualmente de bolsa de traballo.

2.- Normativa aplicable.-

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

RDL 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público;

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas),

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Lei 2/2015, de 25 de abril do emprego público de Galicia.

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto

Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilado a un Grupo C2.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral, Administración Especial.

Adscripción: Servizos de mantemento de instalacións e infraestruturas

Posto: 1031/1 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as de condución do vehículo pala retroexcavadora municipal desenvolvendo as funcións propias da mesma así como o mantemento mecánico da mesma, coa realización de pequenas reparacións e conservación. Ademais tamén lle corresponden as funcións de conservación e mantemento de toda a maquinaria municipal.

En función das necesidades dos servizos poderá ser requirido para a condución dos outros vehículos municipais.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Unha

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

1. Titulación académica: Enseñanza secundaria obrigatoria, Graduado Escolar ou titulación semellante ou superior.

2.-Estar en posesión dos permisos de conducir das clases B e C ou superior.

3.-Estar en posesión do carné de Operador de pala mixta/retroexcavadora (palista)

4.-Estar en posesión do CAP para condutores profesionais.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efectuarán notificacións individuais. Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de dez días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI/NIF ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Fotocopia compulsada do carné de conducir.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

9.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de dous días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páxina web do concello www.ribadeo.gal

Na publicación farase constar, apelidos e nome así como, no seu caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva.

No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

10.- Organo de selección.-

Presidente: Titular: Un funcionario que terá a categoría como mínimo do subgrupo C2 ou empregado laboral fixo de similar categoría e o seu suplente.

Vogais: Titulares: Tres funcionarios coa categoría como mínimo do Subgrupo C2 ou empregados laborais de carácter fixo de similar categoría e os seus suplentes.

Secretario con voz e sen voto: Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello aos efectos legais oportunos.

11.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para a conducción da pala retroexcavadora e/ou sobre coñecementos mecánicos da mesma e outras funcións complementarias.

A proba será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio,

A duración máxima da mesma non excederá de 30 minutos

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán se coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio. Idioma galego.- De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase como Apto ou Non apto (no caso de cometer máis de 20 erros).

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 2 ou superior que se valorará con 1 punto.**

O Organo de selección desenvolverá e especificará, en todo caso, os criterios de valoración e cualificación dos exercicios debendo facelos públicos con antelación á celebración dos mesmos para coñecemento dos aspirantes.

2)FASE DE CONCURSO:**Baremo de Méritos.****A) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 1,5 puntos.**

1. Polo tempo de prestación de servizos como Oficial 2ª albanel nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente, non valorándose outro tipo de documentación que se poida aportar.

B) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 1,5 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... .0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas..... .0,10 puntos.

Non se valorarán outros cursiños que non se atean ao epígrafe anterior.

12.- Resolución.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas nas dúas fases.

En caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na fase da proba práctica.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Ribadeo ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de dous días hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

O tribunal elevará á Alcaldía-Presidencia copia da acta con proposta de nomeamento para a contatación laboral temporal nos termos sinalados co aspirante que maior puntuación obtivo e proposta de constitución de bolsa de emprego co resto de aspirantes por orde de puntuación de maior a menor.

13.- Bolsa de Emprego.

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas **que superen o proceso de selección**, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, etc..

A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida no proceso selectivo.

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados a continuación sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigurosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na mesma terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

*Situacións de incapacidade temporal do titular do posto

*Vacacións, licenzas e permisos.

*Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

*Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo.

*Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación para atención do servizo.

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao primeiro da lista, realizándose ata dúas chamadas telefónicas ao número de teléfono facilitado e que figure na instancia presentada, cun intervalo de media hora entre cada unha delas, para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por e-mail, fax ou presentandoo persoalmente no rexistro municipal, no mesmo día.

Considerarase que renuncia ao posto ofertado se logo do contacto telefónico non se formula renuncia por escrito no referido prazo ou non comparece no Concello no prazo de 24 horas tras da notificación telefónica realizada dende o Concello.

Realizado ese trámite e ben por renuncia expresa ou por incomparecencia do chamado, formularase oferta ao seguinte da lista.

Unha vez formalizado contrato con algún traballador terá preferencia o seguinte ao último contratado pola orde de puntuación da bolsa nas sucesivas contratacións, pasando o que remate o contrato a ocupar o último posto da lista e así sucesivamente.

Non obstante teranse en conta no chamamento as limitacións legalmente establecidas en canto á utilización da contratación laboral temporal nestas modalidades contractuais e en todo caso o límite máximo por contrato será de 6 meses.

Renuncias:

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

Primeira renuncia: Un ano de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta.

Unha vez finalice este prazo de penalización producirase a reincorporación á Bolsa de Emprego situándose ao final da mesma.

Segunda renuncia: Baixa definitiva na bolsa de emprego e imposibilidade de incluírse de novo na mesma.

O anterior prazo computarase dende a data que se estableza na correspondente resolución de alcaldía que se estableza ao respecto.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións.

-Se atopen traballando nese momento ou estén en situación de activo.

-Que acrediten situación de baixa médica.

-Que estén realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.

-Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

O/a aspirante seleccionado/a, de xeito previo á sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Quedará condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación.

Igualmente, deberá ben de xeito previo á sinatura do contrato ou durante o período de probas, no seu caso, realizarse o recoñecemento médico a través dos servizos médicos de prevención do Concello de Ribadeo.

Esta Bolsa de Emprego **terá unha vixencia de 3 anos** dende a data da súa aprobación, prorrogable por outro ano máis salvo acordo expreso contrario do órgano competente.

14.- Incidencias.

O Tribunal cualificador estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

15.- Impugnación.

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ribadeo, 25 de novembro de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3478

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2023

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 1 de decembro de 2022, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2023, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada 1 de decembro de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3545

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE TABOADA

Por acordo do Pleno municipal de data 1 de decembro de 2022 aprobouse inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Taboada.

Conforme determina o artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

A relación se considerará definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Taboada, 1 de decembro de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3546

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/39111

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Monte Vecinal en Mano Común Martín de Bóveda

Nombre de la captación: Fuente

Caudal solicitado: 110 m³

Punto de emplazamiento: Martín (San Cristovo)

Término Municipal y Provincia: Bóveda (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante la construcción de una arqueta desde la cual se conducirán las augas, mediante una tubería, hasta un depósito contra incendios de 110 m³ de capacidade.

Lo que se hace público para general conocimiento por un prazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Bóveda, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 24 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3479

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/36789

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ivan Cortón Ferreiro

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,07 l/s

Punto de emplazamiento: Xesto, parroquia de Outeiro (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Castro de Rei (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante un pozo de 50 m de profundidad desde el que se bombea el agua a la explotación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Castro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 24 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3480